

A Flor

Dificultade: ● ● ○ ○ ○

Nº globos: 1 amarelo e 1 verde.

Tempo: 5 min.

Figuras previas: a espada.

A flor é unha figura moi sinxela e espectacular. Ideal para quedar ben en calquera tipo de celebración. Faixe con dous globos que, coas cores axeitadas, daránlle un acabado moi real. Para o talo partiremos dunha espada con 4-5 dedos na punta sen inflar.


Co mesmo proceso e, empregando cores diferentes para os sépalos, poderíamos facer un ramo completo.




REALIZACIÓN




Inflamos o globo case de todo. Abonda cunha pequena punta.



Atamos a punta e o rabo, cun par de nós simples.



Dobramos o círculo, de xeito que o atado fique no medio. Apretamos e dámoslle un xiro en sentidos contrarios.



O resultado do paso anterior é este "8" deitado.



Xuntamos os extremos do "8" e apretamos contra o seu centro (onde está o atado orixinal). Ver a figura seguinte.



Mantemos o conxunto apretado para facer o xiro da figura seguinte.



Apertamos no centro e dámoslle un xiro cona cada man, en sentidos contrarios, para deixar a figura présa.



Rematamos o xiro anterior, de xeito que os catro pétalos estean no mesmo sentido.



Colllemos unha figura de espada, onde deixáramos 4 ou 5 dedos sen inchar.



Presionamos no último tamo inchado, co fin de facer unha bóla de aire na punta.



Este é o resultado do paso anterior.



Insertamos os pétalos na parte estreita do talo, de forma que fiquen suxeitos.



Dobrando e desdobrando varias veces o talo podemos darlle unha forma curvada.